

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 17 DE MARZO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 por un importe total de cento nove mil cento oitenta e catro euros con noventa e seis céntimos (109.184,96 €), así como a superación do límite do 80% da porcentaxe subvencionada, establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para os pagamentos á conta.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do protocolo de coordinación entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para o desenvolvemento conxunto do programa Mocidade polo Clima.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe dun millón douscentos mil euros (1.200.000,00€), derivados da Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o programa Retorna Talento FP, dirixido a persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar determinados estudos de formación profesional en centros educativos de Galicia que se inicien no ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o Plan director do sector da automoción.
- Acordo polo que se toma razón das actuacións da axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en relación co sistema de certificados de aforro enerxético (CAE) en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón do pagamento do Fondo Ambiental incluído no Fondo de Cooperación Local para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da próxima convocatoria de axudas do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas para o ano 2025, con carácter plurianual, cun orzamento total de cinco millóns douscentos noventa e oito mil oitocentos setenta e tres euros (5.298.873 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras do programa de avais para a adquisición de vivenda, se dá publicidade ao convenio para asinar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión e se procede á convocatoria do programa para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de lavandaría para os hospitais pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de sete millóns douscentos sete mil novecentos setenta euros (7.207.970,00 €), IVE incluído, e un valor estimado de dez millóns setecentos vinte e dous mil seiscientos euros (10.722.600,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por un importe total de oitocentos setenta e cinco mil cento setenta e catro euros con trinta e seis céntimos (875.174,36€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Colectivo RPM para o desenvolvemento do programa de danza e artes vivas Residencias Paraíso, en 2025, por un importe de trinta mil euros (30.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Comunidade de Regantes Nova Limia para subvencionar a viabilidade financeira das actuacións inherentes ao proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas na Limia por un importe total de oito millóns de euros (8.000.000,00 €), así como a superar o límite do 80% establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a exención da obriga da constitución de garantías, de conformidade co artigo 67.4 do citado decreto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto Estudo integral das condicións sedimentarias óptimas para a mellora da produtividade de bivalvos en bancos marisqueiros: condicións hidrodinámicas, xeomorfolóxicas, texturais e bioxeoquímicas. MARISLAB, para o período 2025-2027, por un importe de cento noventa e nove mil setecentos euros (199.700,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras da nova cuberta do edificio da lonxa do porto de Portocubelo, cun orzamento base de licitación de cento oitenta e seis mil trinta e cinco euros con oito céntimos (186.035,08 €) IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a licitación de obras de conservación e mantemento na residencia de maiores de Castro de Ribeiras de Lea en Castro de Rei (Lugo).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe de situación de instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da contratación dos servizos de subministración, instalación, consultoría, configuración e posta en marcha dun sistema de xestión de análise xenómica (Xénica) para a execución dos fluxos asistenciais e os necesarios para Xenoma Galicia, Xestión de proxecto e Soporte 3N do sistema.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regula o marco galego de microcredenciais para o traballo.
- Informe sobre o proxecto ES-Factory relativo á economía social en actividades emerxentes no territorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

A nova convocatoria aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego está dotada con máis de 109.000 euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de seis bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento que se levarán a cabo nun máximo de 12 meses entre outubro de 2025 e setembro de 2026 na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela ou en oficinas da cooperación española da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

O importe total que se habilita para esta convocatoria supera os 109.000 euros que se destinarán ao pagamento ás persoas bolseiras do importe das bolsas e das cotas patronais da Seguridade Social.

As persoas solicitantes deben ter residencia en Galicia e estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou similar. Ademais, entre os requisitos para optar a unha destas bolsas inclúese non ter emprego remunerado nin gozar doutra axuda deste tipo e tampouco desta en convocatorias anteriores.

Estas bolsas de formación da Cooperación Galega teñen como obxectivo principal apoiar a formación especializada de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica coas liñas de traballo da Cooperación Galega e, no caso das bolsas noutros países, os proxectos que se están a financiar e que poderán visitar na súa estadía no terreo. A Xunta leva investido desde 2009 máis de 1,8 millóns de euros para o financiamento de máis dun cento de bolsas.

As actividades destinadas á formación de persoal especializado constitúen unha tarefa que a Xunta leva a cabo no marco do fortalecemento do sistema galego de cooperación; o apoio á formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación é unha das liñas de actuación do actual Plan director da cooperación galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA ESTE VERÁN UN CONXUNTO DE ACCIÓNS PARA MOBILIZAR A XUVENTUDE ANTE O QUECEMENTO GLOBAL NO MARCO DO PROGRAMA MOCIDADE POLO CLIMA

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude colaborarán por primeira vez no desenvolvemento de varias actividades coordinadas para implicar na acción climática a mocidade galega
- Impartiranse xornadas dedicadas de forma específica ao clima durante os campamentos de verán para menores de idade e nos campos de voluntariado
- Tamén se convocará a primeira edición dos premios Mozos/as polo clima, para darlles visibilidade a proxectos e ideas de éxito en Galicia liderados por xente moza e fomentar a excelencia e a innovación en resposta ao impacto deste fenómeno
- A colaboración manterase por un período inicial de dous anos e prevese a creación dun grupo de traballo bilateral para facer un seguimento do seu desenvolvemento
- Mocidade polo Clima aspira a formar, informar e implicar cada ano máis de 15.000 galegos e galegas de entre 3 e 35 anos a través da experiencia e da implicación social

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude porán en marcha este verán un conxunto de accións dirixidas á mocidade galega, a través de actividades de tempo libre, campamentos estivais e campos de voluntariado, entre outras, que terán como eixe común mobilizar a xente moza fronte ao cambio climático e concienciala sobre os seus efectos.

O Consello tomou razón esta mañá do acordo que regulará a colaboración entre ambos os departamentos no marco do programa Mocidade polo Clima, unha iniciativa de carácter transversal e pioneira en Galicia que presentou a finais do ano pasado a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Así, propóranse diferentes tipos de actividades de tempo libre e lecer arredor do cambio climático e os seus efectos, co fin de que a poboación moza interesada poida implicarse e contribuír activamente á conservación do ambiente ao tempo que explora a súa capacidade de innovación, compromiso e solidariedade.

En concreto, persoal técnico de Medio Ambiente impartirá xornadas dedicadas ao clima nos campamentos de tempo libre para mozos e mozas que se ofertan cada verán, así como nos campos de voluntariado. Así mesmo, un espazo itinerante percorrerá Galicia para pór á disposición dos participantes neste tipo de actividades información, xogos e *merchandising* relacionados coa temática.

O número de beneficiarios, así como os lugares e as datas de realización concretaranse máis adiante, no marco da campaña Acción de verán que cada ano convoca a Dirección Xeral de Xuventude e que na súa edición de 2025 incorporará por primeira vez actividades e charlas enfocadas a sensibilizar sobre o cambio climático.

Ademais, en 2025 convocarase tamén a primeira edición dos premios *Mozo/a polo clima* para recompensar o talento xuvenil dándolles visibilidade a iniciativas, proxectos e ideas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

relacionadas cos seis sectores de actividade definidos na Estratexia galega de Cambio Climático e Enerxía (EGCCE) e que teñen algún tipo de impacto no clima da Comunidade. Así, darase recoñecemento público a mozos e mozas de ata 35 anos que destaquen no eido social e empresarial, na investigación, na cultura ou na arte.

En canto aos compromisos de cada parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asumirá o deseño e posta en marcha das iniciativas do programa Mocidade polo Clima que se organicen conxuntamente, ademais de facilitar os contidos formativos relacionados coa meteoroloxía e a acción climática, así como o persoal técnico especializado necesario para participar nas actividades de tempo libre previstas.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude favorecerá a difusión entre os mozos e mozas das iniciativas do programa Mocidade polo Clima (tanto aquelas en que colabora como o resto), colaborará na captación de talento xuvenil para optar aos novos premios e comprométese a incluír contidos relacionados co clima nas actividades de tempo libre que desenvolva durante a campaña de verán e o resto do ano, así como nas accións de voluntariado que poña á disposición deste colectivo.

A colaboración entre ambos os departamentos terá unha duración inicial de dous anos, aínda que prorrogable por outros dous, e para supervisar e impulsar o seu desenvolvemento axeitado está prevista a creación dun grupo de traballo bilateral.

Mocidade polo Clima

O obxectivo de Mocidade polo Clima é formar, informar e mobilizar fronte ao cambio climático cada ano máis de 15.000 mozos e mozas galegos con idades entre os 3 e os 35 anos, para o cal se propoñen diferentes liñas de acción e iniciativas innovadoras coas cales se buscará fomentar o seu talento, capacidade de innovación e solidariedade.

Na práctica, estase a desenvolver como unha estratexia integral dividida en tres eixes de actuación complementarios: formación desde a etapa de educación infantil ata a universitaria a través das minimeteoescolas e meteoescolas; información e divulgación canalizada vía visitas e eventos con relatores de referencia na materia, e acción polo clima, pola vía do fomento da participación activa e o compromiso da mocidade.

Neste sentido, o novo programa de actividades conxuntas entre os departamentos de Medio Ambiente e Cambio Climático e de Cultura, Lingua e Xuventude enmárcase nesta terceira liña de actuación, xa que busca fundamentalmente mobilizar e chamar a adoptar unha postura activa ao conxunto da mocidade galega.

Aposta pola dimensión social

Cómpre lembrar que a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada pola Xunta a finais do ano 2019 como instrumento planificador fronte ao quecemento global, logrou situar a Comunidade nunha posición de vangarda e pioneira neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na propia estratexia, precisamente, faise fincapé na necesidade de avanzar na chamada dimensión social da acción climática porque sobre este piar recae a capacidade dos pobos para afrontar e adaptarse aos grandes retos do quecemento global.

Co fin de levar á práctica os principais obxectivos da EGCCE, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático vén de aprobar o II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2024-2030 (PRIEC), que dirixirá as liñas de acción do Goberno galego a medio prazo para avanzar cara ao obxectivo de acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040 e, en todo caso, antes de 2050.

Unha das principais novidades do II PRIEC foi, precisamente, o programa Mocidade polo Clima que, cun orzamento para 2025 de 200.000 euros, busca deseñar liñas de acción adaptadas aos intereses e ás capacidades particulares de nenos, adolescentes e mozos partindo da base de que as novas xeracións e a súa capacidade innovadora son claves para consolidar Galicia como unha rexión de vangarda, baixa en emisións e resiliente.

Con este fin, todas as medidas programadas teñen como fío condutor fomentar a concienciación social, a divulgación, a formación e a captación de talento entre as persoas máis novas, aprendendo a través da experiencia e da implicación social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O PROGRAMA RETORNA TALENTO FP CON 150 NOVAS BOLSAS, UN 40% MÁIS, E FORMACIÓNS CURTAS PARA SECTORES CUNHA ALTA DEMANDA DE PROFESIONAIS

- Ofertaranse por primeira vez bolsas de 4.000€ para obter en tres meses certificados profesionais en sectores con gran necesidade de persoal cualificado
- Tamén haberá ciclos de FP dual intensiva de dous cursos, cunha bolsa de 12.000€, que mesturan formación en centros e empresas en Galicia e no país de orixe
- Desde o inicio do programa formáronse xa 135 persoas grazas a estas convocatorias

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao reforzo do programa Retorna Talento FP, coa que o Goberno galego facilita que os galegos do exterior poidan volver á súa terra de orixe para mellorar a súa cualificación co apoio de axudas de ata 12.000€. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP publicará nas próximas semanas unha nova convocatoria destas bolsas con 150 prazas, case un 40% máis que en 2024, cun orzamento de 1,2M€, un 25% máis.

Entre as novidades destaca a creación dunha nova oferta formativa de tres meses de duración, dirixida á obtención de certificados profesionais e que alternan formación no centro e en empresas. O obxectivo é, por unha banda, ofrecer aos galegos do exterior unha oportunidade laboral, dado que estes programas teñen unha grande acollida entre as empresas. Ofértanse, ademais, nos sectores da hostalaría e a construción, cunhas taxas de inserción laboral moi elevadas.

Por outra banda, dáse resposta ás necesidades de profesionais cualificados que presentan as empresas destes sectores, favorecendo o reforzo dos seus cadros de persoal con traballadores dotados da certificación profesional axeitada.

Incrementábase tamén o número de concellos participantes nos programas de formación, dos cinco da convocatoria anterior aos nove da convocatoria actual.

Certificados profesionais

A convocatoria divídese en dúas categorías, en función do tipo de estudos que se ofertan. Así, a modalidade A establece 75 bolsas para estudar formación conducente á obtención de certificados profesionais de nivel 1, cunha duración de entre 290 e 350 horas. Cada unha das bolsas é de 4.000€ distribuídos en dous pagamentos.

Neste caso, o alumnado chegará a Galicia a partir do mes de maio deste ano, cursará a primeira parte da formación durante un mes no centro educativo e despois continuaraa en empresas dos sectores da hostalaría e da construción, que contan cunha altísima demanda de profesionais cualificados a través deste tipo de programas formativos e unha empregabilidade moi elevada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A relación de estudos ofertados, con 15 prazas cada un, é a seguinte:

Certificado profesional	Centro educativo
Operacións básicas de restaurante e bar (290 horas)	IES de Sabón (Arteixo)
Operacións básicas de restaurante e bar (290 horas)	IES Ramón Caamaño (Muxía)
Operacións auxiliares de albanelaría de fábricas e cubertas (320 horas)	CIFP A Farixa (Ourense)
Operacións auxiliares de albanelaría de fábricas e cubertas (320 horas)	CIFP de Cantería de Galicia (Poio)
Operacións básicas de cociña (350 horas)	CIFP Carlos Oroza (Pontevedra)

FP dual intensiva

A segunda modalidade inclúe 75 bolsas para cursar un ciclo de grao medio ou superior na modalidade de FP dual intensiva, cunha duración de 2.000 horas distribuídas en dous cursos. Neste caso, os seleccionados poderán iniciar a súa formación académica no país de orixe e completala coa parte práctica en empresas en Galicia.

Durante o primeiro curso, o 2025/26, os estudantes realizarán a primeira parte a distancia desde o país de orixe e unha segunda parte presencial no centro educativo e nas empresas xa na nosa Comunidade. O segundo curso académico comezará de xeito presencial no centro de formación e, a continuación, completarse na empresa.

Nesta modalidade as persoas solicitantes terán que participar nunha entrevista por videoconferencia coa empresa participante na formación para realizar a valoración individual de cada unha delas.

O importe das bolsas ascende a 12.000€ por persoa distribuídos en catro pagamentos. A relación de estudos ofertados, con 15 prazas cada un, é a seguinte:

Ciclo de formación profesional dual intensiva	Centro educativo
Ciclo superior de Mecatrónica Industrial	CIFP Ferrolterra (Ferrol)
Ciclo medio de Servizos en Restauración	IES de Foz (Foz)
Ciclo medio de Construción	CIFP de Cantería de Galicia (Poio)
Ciclo medio de Pedra Natural	IES Ribeira de Louro (O Porriño)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ciclo superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos	CIFP de Vilamarín (Vilamarín)
--	-------------------------------

Estratexia Galicia Retorna

Desde o inicio do programa Retorna Talento FP formáronse en Galicia un total de 135 retornados ao abeiro destas convocatorias. Este programa complementábase coas bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME), para universitarios, destinadas a galegas e galegos residentes no estranxeiro e cunha nova convocatoria aberta ata o 30 de abril, que permitirá a 250 persoas completar a súa formación académica cursando mestrados nalgunha das tres universidades públicas galegas no vindeiro curso 2025/2026.

Búscase tamén que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e as experiencias profesionais internacionais que acheguen estas persoas que residiron ou naceron no estranxeiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DA AUTOMOCIÓN 2025-2027, QUE CONTARÁ CUN SISTEMA DE CONTROL E ANÁLISE CONTINUA DO SEU IMPACTO NO SECTOR

- Subliña que a nova folla de ruta “estará dotada de 230 millóns de euros ata 2027” para impulsar un sector “que está a vivir a súa propia revolución industrial”
- A Administración galega implantará un sistema de gobernanza para asegurar a correcta execución e seguimento do plan, garantindo a coordinación e a participación activa das diferentes entidades responsables e dos axentes económicos e sociais
- A automoción foi declarada como un dos nove sectores estratéxicos da economía galega, logo de acadar en 2023 unha cifra récord de facturación con 13.000 M€
- O presidente autonómico subliña que esta industria “concentra a máis de 200 empresas e dá emprego a 25.000 persoas”, o 14,8% do emprego industrial de Galicia
- O Goberno galego ten aberta unha liña de apoios dotada con case 60M€ para cooperar coa industria no camiño cara a unha mobilidade máis sustentable e á transición ao vehículo eléctrico
- Concorde coa Unión Europea na necesidade de adoptar medidas urxentes e cambios normativos para ampliar o acceso ás axudas a toda a cadea de valor do sector da automoción e para pedir máis simplificación administrativa, como poñen de relevo os últimos encontros mantidos en Bruxelas e Monza

O presidente autonómico, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan director da automoción para o período 2025-2027, que “estará dotado de 230 millóns de euros” para impulsar un sector “que está a vivir a súa propia revolución industrial coa chegada do vehículo eléctrico”. Esta industria foi declarada estratéxica xunto coa metalmecánica, a naval, o sector forestal-madeira, a industria das TIC, a loxística industrial, a industria da alimentación, o sector téxtil e confección e a industria da construción.

O Plan director da automoción é o resultado dun proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector, que busca promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura. Desprégase en torno a dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades con 67 medidas que se desenvolverán ata o ano 2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Tal e como sinalou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, ao longo da execución desta folla de ruta irase “traballando arreo para ir adaptando as medidas ás novas variantes que se vaian producindo”, tanto no propio sector como no contexto nacional e internacional.

Lorenzana, que sinalou que a automoción galega está “nun momento de transformación absoluta” e nun “punto de inflexión” debido ao proceso de electrificación e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

descarbonización, apuntou que o apoio da Administración autonómica chega a toda a cadea de valor do sector, desde a industria de compoñentes, a través do Plan director, ata a comercialización, coa activación de diferentes medidas.

Co fin de garantir unha correcta execución do plan, a Administración galega implantará un sistema de gobernanza para asegurar a correcta execución e seguimento do plan, garantindo a coordinación e a participación activa das diferentes entidades responsables e dos axentes económicos e sociais. Deste xeito, está prevista a posta en marcha dunha Comisión Sectorial da Automoción, na cal estarán representados os diferentes axentes do sector e se constituirán grupos de traballo en que participarán os diferentes departamentos autonómicos que tomaron parte na elaboración do plan. O obxectivo é implementar un sistema de control e análise continua do impacto das medidas no sector.

Un sector estratéxico para Galicia

A automoción en Galicia representa un dos sectores máis dinámicos e fundamentais para a economía galega, xa que, tal e como subliñou Rueda, conta con “máis de 200 empresas e 25.000 persoas que dependen directamente do sector”. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade, que xera un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

Na actualidade, a Administración galega ten activada unha liña de apoios por importe de case 60 millóns de euros con que o Goberno galego busca dar continuidade ao programa iniciado no ano 2024 e que contou con 22 millóns de euros, para reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e á sustentabilidade, e reafirmar o seu compromiso cunha industria clave para a economía galega.

Este novo programa de apoios impulsado desde o Igape estrutúrase arredor de tres grandes eixes. O primeiro atende á transición ao ecosistema de mobilidade eléctrica e conectada, co obxectivo de facilitar aos provedores locais a adaptación cara á produción de compoñentes relacionados coa nova mobilidade verde e conectada, impulsando a súa competitividade no mercado internacional.

O segundo eixe céntrase na descarbonización dos procesos produtivos e loxísticos. Neste sentido, o plan prevé investimentos destinados a transformar as operacións industriais e loxísticas, reducindo a súa pegada ambiental e incrementando a eficiencia dos procesos.

O terceiro atende á adopción de modelos de *green factory*, na procura de facilitar a transformación integral das plantas industriais galegas para lograr a neutralidade climática, apostando por tecnoloxías innovadoras e sustentables.

Así, o Goberno galego destinará máis de 234 millóns de euros ao sector da automoción no período 2024-2027 no marco do plan director e do programa extraordinario de axudas dirixidas a esta industria, para acompañalo no proceso de transición á mobilidade eléctrica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En sintonía coa Unión Europea

Tal e como explicou María Jesús Lorenzana, a importancia de fortalecer un sector estratéxico como o da automoción a través de medidas como a aprobada hoxe no Consello da Xunta é unha das demandas que a Administración galega vén reclamando desde hai tempo tanto a nivel nacional como internacional. A última, a pasada semana coincidindo coa presentación do plan de actuación que a Comisión Europea anunciou para o sector da automoción e que o Goberno galego valorou de xeito positivo.

Neste contexto, a Xunta reclamou en Bruxelas, como antes o fixera en Monza, na III Conferencia anual da Alianza de Rexións Europeas con Industria da Automoción (ARA) e, hai apenas unhas semanas, nun encontro co comisario de Mobilidade Sustentable e Turismo da Comisión Europea, Apostolos Tzitzikostas, unha actuación firme e decidida sobre catro ámbitos que son clave para o sector: o primeiro, o normativo, ao considerar indispensable que se flexibilicen os regulamentos de emisións; tamén que se dean prazos máis amplos, como se vén de anunciar, así como que se revisen as sancións impostas ás empresas, e cambios na normativa comunitaria para ampliar o acceso ás axudas a toda a cadea de valor e máis simplificación administrativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA O PRIMEIRO PROXECTO PILOTO PARA RENDIBILIZAR O AFORRO ENERXÉTICO NO SECTOR PÚBLICO CO SISTEMA DE CERTIFICADOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

- O certificado de aforro enerxético (CAE) é un documento electrónico que acredita a consecución dun aforro no consumo de enerxía final logo da implantación de proxectos ou medidas de eficiencia enerxética
- O Sistema de CAE busca incentivar o investimento en tecnoloxías eficientes, reducir custos para os consumidores e fomentar a innovación, ademais de xerar beneficios económicos e sociais ao permitir o intercambio de eficiencia por diñeiro e promover un sector empresarial máis competitivo
- Galicia é a segunda comunidade autónoma de España en termos de aforro certificado grazas ás 67 actuacións rexistradas, a maior parte delas realizadas polo sector industrial, e que supoñen un aforro de 50 M€, o equivalente a máis do 3% do consumo total de Galicia nun ano
- A Administración galega traballa na conversión de dúas iniciativas de mellora da eficiencia de carácter público a CAE para ser a primeira comunidade en monetizar os seus aforros enerxéticos e tamén co fin de servir como modelo para o tecido empresarial galego

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá ao primeiro proxecto piloto que desenvolverá unha comunidade autónoma para rendibilizar as iniciativas de aforro enerxético levadas a cabo pola Administración e convertelas en aforro económico. A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), traballa xa na conversión de actuacións de mellora da eficiencia enerxética executadas en edificios públicos en novos ingresos a través do sistema de certificados de aforro enerxético (CAE).

Galicia aspira a ser así a primeira Administración do Estado en converter as súas actuacións de aforro e eficiencia enerxética en contías económicas, no seo do sistema CAE, sistema orixinado en 2023 para dar cumprimento aos obxectivos de eficiencia enerxética fixados, tanto a nivel europeo como nacional, e que impón a determinadas entidades, como poden ser as comercializadoras de gas e electricidade ou aos operadores de produtos petrolíferos ou gases licuados, entre outros, o cumprimento das obrigas de aforro enerxético que establece a normativa actual neste eido.

O certificado de aforro enerxético (CAE) é un documento electrónico que acredita a consecución dun aforro no consumo de enerxía final logo da implantación de proxectos ou medidas de eficiencia enerxética. Deste xeito, o sistema CAE busca incentivar o investimento en tecnoloxías eficientes, reducir custos para os consumidores e fomentar a innovación, ademais de xerar beneficios económicos e sociais ao permitir o intercambio de eficiencia por diñeiro e promover un sector empresarial máis competitivo.

As actuacións de eficiencia enerxética que produzan aforros (kWh), e cuxa execución se iniciase a partir do 26 de xaneiro de 2023 incluído -e que cumpran cos requisitos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

establecidos pola directiva de Eficiencia Enerxética e polo resto de normativa aplicable serán susceptibles de xerar CAE. Estes certificados terán unha validez de tres anos contados desde a data en que finalizou a execución da actuación xeradora do aforro de enerxía (momento en que se empeza a xerar o aforro), ou ben ata o 31 de decembro de 2030.

Cada CAE representa un valor unitario de 1 kWh de aforro anual no consumo de enerxía final. Segundo os datos extraídos das solicitudes realizadas ata a data para converter o aforro enerxético en aforro económico, o prezo medio que recibiron os promotores das iniciativas sitúase en 107,2 €/MWh.

O consumo eléctrico de 100.000 fogares

Ata o 31 de xaneiro deste ano 2025, solicitouse o CAE para un total de 67 actuacións de eficiencia enerxética na Comunidade galega, das cales 62 están xa rexistradas como perceptoras deste recoñecemento e xeraron un dobre aforro (enerxético e económico) para consumidores e industria. Así, en termos económicos, estas iniciativas supoñen un aforro nas facturas de aproximadamente 50 millóns de euros, o equivalente a máis do 3% do consumo eléctrico total de Galicia nun ano, o que equivale ao consumo eléctrico anual de máis de 100.000 fogares e evita, pola súa vez, a emisión de preto de 87.000 toneladas de CO₂, aproximadamente, o 0,6% das emisións anuais da industria galega.

Estas cifras, que amosan o compromiso do tecido industrial e da cidadanía galega coa transición enerxética, sitúan Galicia como a segunda comunidade autónoma en termos de aforro certificado, o que supón máis dun 21 % do total do aforro anual das actuacións de eficiencia enerxética de toda España a través deste sistema.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PAGARÁ ESTE MES MÁIS DE 12 M€ DO FONDO AMBIENTAL AOS CONCELLOS GALEGOS

- Destinarase a actuacións ambientais que fomenten a prevención, reutilización e reciclaxe de residuos
- Os orzamentos xerais da Comunidade galega inclúen esta partida no Fondo de Cooperación Local

A Xunta vai pagar este mes de marzo máis de 12 millóns de euros (12,1) do Fondo Ambiental aos concellos galegos, que se repartirán en función da súa poboación. Os cartos están destinados a actuacións ambientais que fomenten a prevención, a reutilización e a reciclaxe de residuos.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, informou o Consello de Goberno deste acordo polo que se procederá ao aboamento do Fondo Ambiental que os orzamentos xerais da Comunidade galega para 2025 inclúen no Fondo de Cooperación Local.

Por provincias, o Fondo Ambiental achegará á Coruña algo máis de 5M€ (5.041.751), a Pontevedra máis de 4,2 M€ (4.237.616), a Lugo preto de 1,5 M€ (1.453.861) e a Ourense máis de 1,3 M€ (1.366.770).

Incremento do Fondo Base

Os orzamentos de 2025 recollen un incremento de preto de 10 M€ no Fondo de Cooperación Local con respecto aos do ano anterior, ata chegar aos 168 M€, e inclúen por primeira vez unha partida de 5,4 M€ destinada aos concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administracións e os que teñen menos capacidade de aforro.

Galicia foi unha comunidade pioneira en establecer desde 2011 un instrumento de financiamento estable das entidades locais a través do Fondo de Cooperación Local. Regulado anualmente a través das leis de orzamentos da Comunidade, establece un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS POR PRETO DE 5,3 M€ PARA IMPULSAR A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NAS VIVENDAS

- O Executivo autonómico dálle luz verde á cuarta convocatoria consecutiva deste programa, con que se prevé facilitar a adaptación tanto interior como exterior en máis de 745 inmobles de tipo residencial
- As actuacións subvencionables inclúen a instalación de ascensores e salvaescaleiras, a mellora dos accesos desde a vía pública, a dotación de produtos de apoio, así como sistemas de guiado, sinais luminosos e sonoros
- As axudas oscilan entre os 6.000€ e 18.000€ e recibirase máis contía se entre os residentes hai persoas con algunha discapacidade ou maiores de 65 anos
- Entre 2022 e 2024 o Goberno galego leva mobilizado algo máis de 22 M€, grazas aos cales propietarios particulares, comunidades e inquilinos puideron executar melloras e adaptacións en case 3.500 vivendas no conxunto de Galicia

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de axudas para mellorar a accesibilidade tanto en edificios residenciais colectivos como en vivendas particulares, cun orzamento de preto de 5,3 millóns de euros. Trátase da cuarta convocatoria consecutiva deste programa de incentivos, coa cal se prevé impulsar intervencións en preto máis de 745 vivendas.

O Goberno galego tomou hoxe razón desta nova convocatoria, executada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que ten como obxectivo facilitar a adaptación, nos inmobles de vivendas e nas propias vivenda, e facilitar o seu uso por persoas con calquera tipo de discapacidade, física, sensorial ou intelectual.

Deste xeito, as axudas permiten o financiamento de obras e instalacións que contribúan a eliminar barreiras arquitectónicas, facilitar o acceso ou favorecer a autonomía e a mobilidade tanto en construcións unifamiliares como en edificios de tipo residencial colectivo e nas vivendas que os integran. Ademais, as actuacións poderán realizarse non só dentro dos inmobles senón tamén nos espazos comúns, como xardíns ou zonas deportivas, e nos que serven para comunicalos co exterior.

Entre as obras subvencionables nesta nova convocatoria inclúense a instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou mecanismos motorizados para a apertura de portas; as reformas dos accesos desde a vía pública; a colocación de produtos de apoio, como guindastres, sistemas tecnolóxicos de guiado, sinais luminosos, visuais, táctiles ou sonoros; dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior; a aplicación de domótica e outro tipo de tecnoloxía que favoreza a autonomía persoal, e calquera intervención que facilite a accesibilidade universal no interior das vivendas e nos propios edificios residenciais colectivos, así como nas súas vías de evacuación.

En canto aos beneficiarios, poderán acollerse ao programa de axudas as persoas propietarias ou usufrutuarías ou inquilinas dos inmobles, comunidades veciñais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sociedades cooperativas e empresas construtoras, propietarias ou arrendatarias dos edificios.

A contía dos incentivos oscilarán entre os 6.000 e 18.000€ por vivenda, en función do tipo de inmovible e de se entre os moradores hai algunha persoa con discapacidade. En concreto, con carácter xeral, as axudas acadarán o 60% do custo das obras que se van executar, e prevese o incremento de ata o 80% se na vivenda ou no edificio reside unha persoa con discapacidade ou que sexa maior de 65 anos.

Tamén, a contía das subvencións será variable e dependerá tanto da tipoloxía e das características dos inmobles como das circunstancias dos seus residentes. Así, se se trata dunha casa unifamiliar —illada ou agrupada—, o beneficiario poderá recibir ata 12.500 euros para facela máis accesible e, cando a subvención se solicite para intervir sobre un edificio residencial, concederáse un máximo de 9.000 euros por vivenda e de 90 euros por metro cadrado de superficie construída no caso dun local comercial ou outros usos compatibles. Se a solicitude ten por obxecto actuar en vivendas nunha edificación residencial de tipo colectivo, a axuda chegará ata os 6.000 euros, máximo.

Ademais, con independencia da tipoloxía do inmovible —que nos tres casos terán que ser anteriores a 2006— a subvención incrementarase ata os 15.000 euros por vivenda se nela reside unha persoa con discapacidade e ata os 18.000 euros se acredita ter un grao de discapacidade igual o superior ao 33 %.

Ademais, para acollerse ás axudas desta nova convocatoria, as actuacións non poderán terse iniciado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 nin estar xa finalizadas antes de que se publique a resolución desta convocatoria, de carácter plurianual, no *Diario Oficial de Galicia*.

Con respecto ao prazo de execución das obras, no caso de vivendas unifamiliares non poderá exceder os 12 meses, mentres que para os edificios de tipoloxía residencial colectiva será de 24 meses. En calquera caso, as actuacións subvencionadas deberán estar rematadas antes do 1 de decembro do ano que vén.

Case 3.500 vivendas

Nos tres últimos anos (2022-2024), o Goberno galego leva mobilizados algo máis de 22 M€ no impulso da mellora da accesibilidade nas vivendas. Neste período, a Xunta outorgou 589 subvencións, grazas ás cales propietarios particulares, comunidades e inquilinos puideron executar melloras e adaptacións en case 3.500 vivendas no conxunto de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DE DÚAS LIÑAS DE AVAIS PARA A COMPRA DE VIVENDA, UNHA DIRIXIDA AOS MENORES DE 36 ANOS E OUTRA PARA A COMPRA DE VIVENDA PROTEXIDA SEN LÍMITE DE IDADE

- Sinala que a convocatoria, por un importe de 5 M€, dá continuidade á liña pioneira lanzada pola Xunta en 2023 para facilitar a compra de vivenda aos menores de 36 anos, e engade outra liña de aval para a compra de vivenda protexida, eliminando o requisito da idade
- O importe do aval poderá chegar ata o 20 % do prezo de adquisición do inmovble
- A convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e as solicitudes poderán presentarse a partir do vindeiro 1 de abril e ata o 31 de outubro

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación de dúas liñas de avais para a compra de vivenda, das cales unha estará dirixida aos menores de 36 anos e outra destinada á compra de vivenda protexida sen límite de idade.

Segundo sinalou o titular do Executivo galego, esta convocatoria segue a “liña da Xunta de facilitar o acceso aos cidadáns á vivenda”, sumándose ao obxectivo de dobrar o parque residencial nesta lexislatura ata chegar aos 8.000 inmoables, ou a medidas específicas para a mocidade, como o Bono Emancípate, o futuro edificio de aloxamentos compartidos en Santiago ou reservar un 40% da nova vivenda pública en alugueiro e un 25% á venda para menores de 36 anos, para os que tamén existen avais para a compra dunha casa. Ao respecto desta medida, o Goberno galego concedeu no período 2023-2024 un total de 208 avais por un importe que rolda os 3,8M€.

Así, Rueda destacou que o Goberno galego avalará a adquisición da primeira vivenda en propiedade por un importe de 5 millóns de euros, dando continuidade á liña pioneira lanzada pola Xunta no ano 2023 para facilitar a compra de vivenda aos menores de 36 anos, e que agora se amplía a toda a poboación, sen límite de idade, cando se trata de adquisición de vivenda protexida.

En ambos casos, o aval da Xunta chegará ata o 20 % do prezo de adquisición do inmovble. A vivenda terá que estar localizada en Galicia e destinarse a residencia habitual e permanente do comprador, polo menos, durante o período de duración do aval. Neste sentido, no momento en que o propietario lle aboe á entidade financeira a cantidade equivalente ao aval público recibido “deixará de estar vixente”.

Convocatoria

A convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e as solicitudes poderán presentarse a partir do vindeiro 1 de abril de 2025 e rematarán o 31 de outubro e, en todo caso, no momento do esgotamento do importe máximo de avais que se van conceder neste ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os beneficiarios dos avais deberán estar empadroados en Galicia e ter menos de 36 anos no momento de presentar a solicitude do aval para a adquisición do seu primeiro fogar. E, no caso de adquisición de vivenda protexida, onde non hai límite de idade, os solicitantes deberán cumprir os requisitos exixidos para o acceso ás vivendas protexidas.

Para poder obter un destes avais será condición imprescindible que a hipoteca para a cal se solicita supoña entre o 80% e o 100% do importe de adquisición da vivenda, e as contías que aboe a persoa beneficiaria deberán destinarse exclusivamente ao pagamento desta débeda hipotecaria.

O importe de adquisición dunha vivenda libre non poderá superar as seguintes contías (sen contar gastos nin tributos inherentes á adquisición): 260.000 euros nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra e Ourense; 210.000 euros se se localiza nas cidades de Lugo e Ferrol ou en concellos de tamaño medio e carácter periurbano, e 180.000 euros no resto de municipios galegos.

No caso de adquisición dunha vivenda protexida, tanto en primeira ou sucesivas transmisións, o inmovible debe contar coa cualificación definitiva como vivenda protexida de protección autonómica na data de publicación da convocatoria, e o prezo máximo será o previsto na cualificación definitiva.

En canto aos requisitos dos beneficiarios do aval para a adquisición de vivenda libre, estes deberán acreditar uns ingresos anuais mínimos de 2 veces o Iprem (16.800 euros) e máximos de 5,5 veces o Iprem (46.200 euros) e, se a adquisición se realiza por máis dunha persoa, o límite conxunto poderán acadar 6,5 veces o Iprem (54.600 euros).

No suposto de adquisición de vivenda protexida, os ingresos serán os que determine a súa normativa reguladora e non se aplicarán os indicados anteriormente citados.

A través deste programa, o Goberno galego ten como obxectivo facilitarlles o acceso á vivenda en propiedade a aqueles que, malia dispoñeren de recursos suficientes para asumir a hipoteca, carecen de aforros para dar unha entrada. Así, grazas a este aval poderán optar a unha hipoteca de ata o 100 % do importe de compra. Ademais, é compatible con todas as axudas que xestiona e convoca anualmente a Xunta co mesmo fin.

A convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e as solicitudes poderán presentarse a partir do 1 de abril de 2025 e rematarán o 31 de outubro de 2025 e, en todo caso, no momento do esgotamento do importe máximo de avais que se van conceder no ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LAVANDARÍA PARA OS HOSPITAIS DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA POR UN IMPORTE DE 7,2 M€

- O prazo de execución do contrato será de 24 meses
- O servizo inclúe, entre outras prestacións, o lavado, desinfectado, secado, seleccionado, encartado, pasada de ferro e empaquetado da roupa procedente dos hospitais desta área
- Estimouse a cantidade de roupa que se vai procesar sobre a base dos datos históricos do servizo referido ao ano 2024 e cifrouse en 2.590.000 kg de media anual

O Consello da Xunta autorizou a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, do servizo de lavandería para os hospitais pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe de 7.207.970 euros.

O prazo de execución do contrato será de 24 meses e poderá ser obxecto de prórroga por un período máximo de 12 meses. O valor estimado do contrato coas posibles prórrogas acada os 10,7 millóns de euros.

Este servizo prestarase para o Hospital Clínico Universitario, o Gil Casares, o Médico Cirúrxico de Conxo, o Hospital Psiquiátrico de Conxo e o Hospital da Barbanza, en Ribeira.

A roupa dun centro sanitario constitúe un dos principais focos de contaminación debido ao seu permanente contacto coas persoas enfermas, polo que se fai imprescindible o estrito cumprimento dunha serie de exixencias non só no procesamento e hixienización, senón tamén nas instalacións en que se realiza o tratamento da roupa, nos métodos e procesos utilizados ou no seu transporte e manipulación.

En consecuencia, o servizo que se contrata inclúe, entre outras prestacións, o lavado, desinfectado, secado, seleccionado, encartado, pasado de ferro e empaquetado da roupa procedente dos hospitais que compoñen esta área sanitaria, referida aos seguintes artigos: roupa de cama e aseo, roupa de pacientes, roupa de persoal (uniformes e EPI), cortinas, etc.

Inclúe tamén a selección e clasificación da roupa por artigos e talles ou tamaños e a entrega en carros diferenciados.

Así mesmo, tamén é obxecto do contrato a limpeza xeral, a desinfección e o mantemento de carros e vehículos destinados á distribución da roupa; o control de calidade previo á entrega das pezas de roupa aos hospitais, ademais da recollida da roupa sucia das zonas de depósito en todos os hospitais da Área Sanitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estimouse a cantidade de roupa que se vai procesar sobre a base de datos históricos do servizo referido ao ano 2024 e cifrouse en 2.590.000 kg de media anual e en 7.096 kg a media diaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AMPLÍAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- O convenio aprobado hoxe polo Consello está dotado con preto de 900.000€, dos cales o Goberno galego achega 500.000€
- Co horizonte de 2028, esta nova achega está destinada a axudar ao coñecemento do uso do galego pola xente nova e a continuar co estudo das variacións dialectais e do patrimonio literario de Galicia ao longo da historia
- O acordo enmárcase no traballo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao abeiro do Pacto pola lingua, que inclúe 50 medidas de acción inmediata

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio plurianual coa Universidade de Santiago de Compostela, co que o Goberno galego renova a súa colaboración co Instituto da Lingua Galega. Trátase dun acordo de catro anos de duración, que permitirá continuar actuando nas investigacións científicas sobre o uso do galego pola xente nova, así como nos estudos sobre a variación dialectal ou patrimonio textual da Galicia medieval.

Para levar a cabo todos estes proxectos, o documento asinado está dotado con preto de 900.000 euros, dos cales a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achega máis da metade, cun total de 500.000 euros. Isto supón un incremento de 20.000 euros por parte do Goberno galego no marco do seu compromiso co impulso do galego ao abeiro do Pacto pola lingua, que inclúe 50 medidas de acción inmediata.

Deste xeito, o Consello da Xunta dá luz verde a un convenio que busca actualizar o coñecemento lingüístico a través de tres liñas de estudo. Por unha banda, os expertos afondarán na variación dialectal do galego como patrimonio lingüístico e cultural, dando continuidade ao traballo de preparación, edición e publicación dos materiais léxicos recollidos para a elaboración do Atlas lingüístico galego.

A segunda liña, pola súa banda, estará dirixida a abordar a investigación do uso da lingua pola mocidade e tratará diversos eixes temáticos, como a formación e a dinamización lingüística para mellorar o xeito de impartir clase e transmitir o coñecemento do idioma ao estudantado. Nesta liña, tamén se porá o foco na transmisión interxeracional e en medidas para axudar as nais e os pais que desexen que os seus fillos e fillas empreguen o galego como lingua habitual.

Por último, a terceira das medidas permitirá continuar coa investigación do patrimonio literario na historia mediante o labor de organización, informatización, codificación e etiquetaxe de novos documentos notariais ao Corpus galego-portugués antigo. Neste sentido, estudarase o patrimonio textual da Galicia medieval para poder coñecer este período histórico a través dos documentos da época.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REPITE COMO PRINCIPAL COLABORADORA DAS RESIDENCIAS PARAÍSO, PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN E A CREACIÓN NA DANZA E AS ARTES VIVAS

- O Consello autoriza a sinatura do convenio co colectivo RPM, a través do cal financia con 30.000 euros a novena edición destas estadias artísticas
- O programa, para o cal se seleccionará un máximo de oito proxectos tanto galegos como do resto de España e Portugal, desenvolverase entre os meses de abril e novembro noutras tantas localidades das catro provincias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio anual coa asociación cultural colectivo RPM para o financiamento da novena edición de Residencias Paraíso, programa de estadias artísticas dirixido a impulsar a investigación e a creación na danza e as artes vivas, do cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude se mantén como principal entidade colaboradora desde a súa posta en marcha en 2017.

Ademais da dotación de 30.000 euros consignada neste documento, o Goberno galego tamén achega diferentes espazos para o desenvolvemento desta iniciativa, de xeito que o Salón Teatro e a Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, son dúas das sedes para as estadias, mentres que a Illa de San Simón, en Redondela, acollerá do 12 ao 14 de setembro o encontro de todos os participantes no programa.

Esta novena edición das Residencias Paraíso arrincou o pasado 17 de febreiro coa apertura do prazo de recepción de proxectos artísticos de Galicia, España e Portugal. Entre as solicitudes recibidas ata o 7 de marzo, seleccionárase un máximo de oito para avanzar en cada proposta de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas.

A organización destinará un orzamento de 20.000 euros ao conxunto das estadias, en previsión de que cada proxecto conte cunha dotación económica de entre 1.500 e 3.000 euros en función das súas características particulares.

As estadias, que se desenvolverán entre abril e novembro deste ano, contan tamén como espazos asociados co Vello Cárcere de Lugo; o Pazo da Cultura de Carballo; a Igrexa da Madalena de Ribadavia; a Casa da Cultura de Vimianzo; a Casa da Cultura de Corcubión, e o Pazo da Cultura de Narón, a través da colaboración cos respectivos concellos.

O seu financiamento por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude insírese nun dos obxectivos estratéxicos do Plan integral para a danza de Galicia, que establece como prioritario o incremento e a diversificación dos programas de residencias artísticas en Galicia. Nesta mesma liña, mantéñense vías de colaboración con outras iniciativas que facilitan este tipo de estadias, como Atopémonos bailando, A Casa Vella, festival Abanea ou Da man.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 8 M€ MÁIS PARA MELLORAR E MODERNIZAR O REGADÍO DA LIMIA

- Estas obras están ao abeiro do convenio entre a Comunidade Xeral de Regantes Nova Limia e a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias para establecer as condicións financeiras deste proxecto, no que se actuará para aproveitar o regadío de 42 captacións de augas subterráneas
- A iniciativa conta cun orzamento total de 35.997.497 euros máis IVE, polo que a Consellería do Medio Rural colaborará coa Comunidade de Regantes para facer fronte ao financiamento que lle corresponde asumir
- Trátase dunha actuación estratéxica de enorme importancia, tanto para o desenvolvemento socioeconómico da zona como para a potenciación do seu sector agrario
- Esta nova achega súmase aos preto de 7 millóns de euros xa investidos polo Goberno galego co fin de impulsar o regadío nesta comarca ourensá

A Consellería do Medio Rural establecerá un convenio de colaboración coa Comunidade Xeral de Regantes Nova Limia para subvencionar a viabilidade financeira das actuacións enmarcadas na iniciativa de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta. Prevese que o convenio se asine esta mesma semana.

O Goberno autonómico contribuirá cun orzamento de 8 millóns de euros procedentes de fondos propios (un millón de euros anuais ata o ano 2032), que permitirán levar a cabo obras de modernización e consolidación do regadío da Limia previstas ao abeiro do convenio asinado entre a Comunidade de Regantes e a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (Seiasa), ao tratarse de actuacións de profunda utilidade pública e interese social para o desenvolvemento desta comarca. Esta iniciativa permitirá modernizar arredor de 1.900 hectáreas e beneficiar un milleiro de regantes.

O proxecto de mellora de regadío conta cun orzamento total de 35.997.497 euros máis IVE, e correspóndelle á Comunidade de Regantes financiar o 20% do custo total da actuación, ademais do 21% do IVE da obra e outros custos adicionais. Polo tanto, a Consellería do Medio Rural establece este convenio para facer fronte ao financiamento que lle corresponde asumir. Cabe sinalar que o proxecto de mellora de regadío nace no marco do *Plan para a mellora da eficiencia e sustentabilidade en regadíos* que, pola súa vez, está incluído no *Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española* que, para poder ser executado, requiría a subscrición dun convenio entre Seiasa e as comunidades de regantes.

Cómpre lembrar que a mellora e modernización do regadío da Limia é unha actuación estratéxica de enorme importancia, tanto para o desenvolvemento socioeconómico da zona como para a potenciación do seu sector agrario. Entre os obxectivos principais que cómpre acadar destacan o aforro e a mellora na eficiencia no uso da auga de rega; a regularización dos recursos hídricos da comarca ou a introdución de técnicas máis eficaces e unha mellora da renda agraria, entre outros. Estas actuacións favorecerán unha agricultura sustentable e respectuosa co ambiente e contribuirán á mellora da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

calidade de vida dos agricultores. As obras teñen un prazo de execución de 24 meses e a súa finalización está prevista para xullo de 2026.

Actuacións previas no regadío da Limia

O Goberno autonómico xa ten acometido importantes actuacións para mellorar e modernizar o regadío da Limia a través de fondos propios, co fin de manter e preservar o tecido agrario desta comarca. Neste sentido, cabe sinalar os catro millóns de euros investidos na sondaxe e construción de 42 pozos para a captación de augas subterráneas, obras clave para que a Comunidade de Regantes poida participar na iniciativa do *Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española*.

Así mesmo, destináronse 2,5 millóns de euros (tamén de fondos propios) para financiar na súa totalidade a instalación dos grupos de bombeo e instalacións de electrificación. Así, a Consellería do Medio Rural xa investiu preto de 7 millóns de euros para apoiar e modernizar o regadío da Limia, pondo de manifesto o seu compromiso neste eido, aos cales se engaden os 8 millóns de euros aprobados hoxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 199.700 € AO ESTUDO DAS CONDICIÓN SEDIMENTARIAS ÓPTIMAS PARA A MELLORA DA PRODUTIVIDADE DE BIVALVOS NOS BANCOS MARISQUEIROS

- A Consellería do Mar, en colaboración co IIM-CSIC, estudará os parámetros hidrodinámicos, xeomorfolóxicos, texturais e bioxeoquímicos máis influíntes na produción do berberecho e das ameixas xapónica e fina, cuxas conclusións serán postas á disposición das confrarías e do sector
- Con este estudo, que ten un período de execución ata 2027 e que se levará a cabo nos bancos de Lourido e Os Praceres, o Goberno galego contribúe a dar resposta a un dos principais retos que afronta o sector, debido ao acusado grao de descenso produtivo
- Está destinado a desenvolver un modelo de xestión baseado na innovación, coa prioridade da sustentabilidade; en concreto, co ámbito de priorización de mellora, preservación e posta en valor da biodiversidade, tal e como rexen a Axenda 2030 e o Pacto Verde Europeo

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas-Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto Estudo integral das condicións sedimentarias óptimas para a mellora da produtividade de bivalvos en bancos marisqueiros: condicións hidrodinámicas, xeomorfolóxicas, texturais e bioxeoquímicas. MARISLAB. Trátase de determinar as características máis axeitadas para aumentar a produtividade das principais especies explotadas, que son o berberecho e as ameixas xapónica e fina, e dar resposta a un dos principais retos que afronta o sector, debido ao acusado grao de descenso da produción.

Este proxecto, dotado con 199.700 euros, está financiado nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) e desenvólvese no marco de Redemar. O prazo de execución prolongarase ata 2027, establecendo a proporción correcta entre area e lodo en sedimentos e os factores bioxeoquímicos que favorecen a presenza de crecemento de especies explotables de bivalvos, a través do estudo da correlación entre os forzantes físicos oceanográficos, as propiedades texturais e bioxeoquímicas dos sedimentos e a abundancia dos bivalvos. Contribú así, a desenvolver un modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, coa prioridade da sustentabilidade; en concreto, co ámbito de priorización de mellora, preservación, xestión sustentable e posta en valor da biodiversidade, acadando un ecosistema máis aberto e integrado, tal e como rexen a Axenda 2030 e o Pacto Verde Europeo.

Ítems de actuación

Esta iniciativa súmase a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores. Inclúe actuacións concretas, que son as seguintes: creación da primeira caracterización multifactorial (sedimentaria, dinámica e biolóxica) dos bancos marisqueiros de Lourido e Os Praceres, situados na Ría de Pontevedra; análise da súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

influencia sobre a produtividade das tres especies de bivalvos explotadas (*Ruditapes decussatus*, *Ruditapes philippinarum* e *Cerastoderma edule*); determinación da porcentaxe óptima de sedimentos finos que poida ser empregada para a creación de alimentación de novos bancos marisqueiros proveniente de operacións de dragaxe; estudo da dinámica bioxeoquímica explicativa da composición granulométrica óptima para a produción de bivalvos observada no banco de Lourido; obtención dos padróns morfodinámicos baixo diferentes condicións atmosféricas e oceanográficas, buscando as zonas máis estables e as máis dinámicas dentro dos bancos marisqueiros; e desenvolvemento dun protocolo específico para a circulación de información que promova a difusión efectiva dos resultados ao sector marisqueiro, a través da implementación de seminarios ou obradoiros en colaboración coas confrarías, co fin de intercambiar información e datos relevantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA A LONXA DE PORTOCUBELO, EN CARNOTA, CO FIN DE IMPULSAR A ACTIVIDADE MARÍTIMO-PESQUEIRA DO PÓSITO

- A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, destina á construción dunha nova cuberta máis de 186.000 euros
- Os traballos tamén inclúen a impermeabilidade das instalacións, de xeito que se aumente a vida útil do edificio ao tempo que se permita a produción da enerxía eléctrica dun xeito seguro
- O Goberno galego establece nos orzamentos deste ano 17,2M€ para a mellora dos portos que a Administración autonómica ten nas tres provincias costeiras

O Consello da Xunta deu hoxe conta do proxecto de acordo para a licitación das obras da nova cuberta do edificio da lonxa do porto de Portocubelo por importe de 186.035 euros. Trátase dunha actuación que permitirá garantir a impermeabilidade destas instalacións, aumentando con iso a vida útil do edificio. Así, o proxecto de construción inclúe, ademais do teito, o illamento do inmovible, a mellora nos caleiros e a instalación dun sistema solar fotovoltaico para facelo máis eficiente desde o punto de vista enerxético.

Esta actuación súmase a outras executadas recentemente polo Goberno galego. En 2023 acometeuse a renovación do edificio por valor de 370.000 euros, actuando en numerosos aspectos construtivos, entre eles os elementos de formigón deteriorados, a estrutura metálica con tratamento antioxidante e impermeabilizante, ademais de renovarse a fachada de madeira, repararse as varandas das terrazas ou as carpintarías.

17,2M€ en 2025

Con esta actuación, o Goberno galego, a través do ente público Portos de Galicia, continúa mellorando as infraestruturas portuarias co fin de aumentar a competitividade do sector e de reactivar a actividade marítimo-pesqueira que nelas se desenvolve. Tal é así que a Xunta prevé nos orzamentos de 2025 obras portuarias por importe de 17,2 millóns de euros para os portos de titularidade autonómica.

Esta partida compromete actuacións cuxo importe total ascende a 108 millóns de euros para as tres provincias costeiras. A de Pontevedra é a que recibe unha consignación maior, con 3,3 millóns para actuacións plurianuais que ascenden a 32,7 millóns; a da Coruña, con case 2,7 millóns, e un orzamento total de 34,6 millóns, e, finalmente, a de Lugo, con 850.000 euros para acción plurianuais por case 13 millóns de euros.

Ademais destas partidas para obras singularizadas, os orzamentos recollen importantes investimentos xerais que abranguen varios peiraos. É o caso da dotación de luminarias LED en 26 portos, cun orzamento de 3,6 millóns; as novas capas de pavimentos e firmes, que contan con 1,8 millóns, ou a mellora das instalacións náuticas, para a cal se consignaron 1,2 millóns de euros.

Orixe e calidade

A lonxa de Portocubelo, situada no concello de Carnota, está xestionada pola Confraría de pescadores de Lira. Conta coa certificación *pescadeRías ¿de onde se non?* para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

primeira venda de cefalópodos e crustáceos e para a conxelación de polbo. Nela as mariscadoras encárganse de eviscerar, envasar e conxelar este cefalópodo procedente das confrarías de Fisterra, Lira, Muros, O Pindo e Porto do Son, baixo a marca *Polbo de lonxa*, que implica que este produto provén dalgún destes pósitos e garante esta orixe ao consumidor, ademais do uso dos máis modernos métodos de rastrexabilidade. Así, grazas ao código QR que levan, pódese saber en cada momento o día da captura, a lonxa e mesmo a embarcación a que corresponde cada peza. Esta marca garante a orixe e a calidade ante os consumidores, identificando o produto no punto de venda e nos establecementos de hostalaría nos cales se serve.

No caso do distintivo da Xunta de Galicia *pescadeRías ¿de onde se non?*, este certifica que o peixe e os mariscos foron capturados, como máximo, 24 horas antes da primeira venda e con artes de pesca moi selectivas, o que contribúe a impulsar a súa demanda. O volume de produto certificado foi de 15.151 toneladas no ano 2024. Destaca a sardiña, con máis de 6.000 toneladas. En canto aos cefalópodos, o polbo sitúase en terceiro lugar e, no caso dos moluscos bivalvos, a principal especie certificada é a ameixa xaponesa, con 593 toneladas certificadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 312.000 € A OBRAS DE MELLORA E MANTEMENTO DA RESIDENCIA DE MAIORES CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA

- Renovarase o sistema de canalización de auga e acometeranse outras pequenas obras de mantemento do edificio
- O prazo de execución previsto é de catro meses

O Consello da Xunta deu conta hoxe da próxima licitación este mesmo mes de marzo de obras de mellora e mantemento na residencia de maiores Castro de Ribeiras de Lea, no municipio lugués de Castro de Rei. O Executivo autonómico destinará preto de 312.000 euros a renovar o sistema de canalización de auga quente sanitaria e retorno deste edificio de titularidade autonómica e con 172 prazas públicas.

Ademais da renovación das tubaxes de auga, aproveitarase a intervención para acometer outros pequenos traballos, como a substitución dos desaugadoiros da cociña, a colocación dunha segunda bomba de achique, a suxeición de parte do muro cortina na planta segunda e o arranxo de danos no revestimento de tres zonas. O prazo de execución previsto é de catro meses.

Os traballos requirirán dunha planificación previa coa Dirección do centro para afectar o menos posible o seu funcionamento, dado que as actuacións se levarán a cabo en zonas ocupadas e de uso continuo. Isto suporá realizar os traballos en horarios limitados, coa finalidade de non interferir no funcionamento do centro.

Estas obras están financiadas polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Así mesmo, enmárcanse no Programa de melloras dos centros de maiores da rede pública autonómica. Precisamente, o pasado mes de febreiro o Consello da Xunta deu conta da licitación doutras obras de mellora na residencia de maiores Volta do Castro, en Santiago de Compostela, por algo máis de 200.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O REXISTRO GALEGO DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E UN VISOR PARA FACILITAR A LOCALIZACIÓN DESTAS INFRAESTRUTURAS NO TERRITORIO

- Un mapa interactivo permitirá coñecer a localización deste recurso en tempo real, incluídos aqueles espazos que a lexislación non obriga a rexistrar, como os localizados en centros comerciais ou aparcadoiros públicos
- A Comunidade Autónoma conta cun milleiro de puntos de acceso público, que se completa con algo máis de 3.000 privados, e as provincias da Coruña e Pontevedra son as que concentran o maior número de instalacións
- O compromiso do Goberno galego con este tipo de políticas ponse de relevo con iniciativas como o programa Renova o teu vehículo, ao cal este ano se destinaron 3,1M€ de fondos propios, ou o Plan Moves, que desde 2019 leva investidos máis de 45M€ para a adquisición de vehículos eléctricos e puntos de recarga

O Consello da Xunta deu conta esta mañá da posta en marcha do primeiro Rexistro galego de puntos de recarga de acceso público para vehículos eléctricos de Galicia. A nova ferramenta virá acompañada da entrada en funcionamento dun visor -a modo de mapa interactivo e en liña- que permitirá acceder á información en tempo real dos lugares en que atopan estas infraestruturas no territorio galego, ao tempo que se poderá facer un seguimento do avance destes recursos, que son vitais para impulsar a ecomobilidade ou mobilidade sustentable e respectuosa co ambiente.

A posta en marcha destes dous elementos posibilitaralles aos condutores e condutoras coñecer onde están situadas todas as infraestruturas de recarga públicas, sexa ou non obrigatorio rexistralas segundo a lexislación vixente, incluídas aquelas que se atopan en centros comerciais ou aparcadoiros de acceso libre, e non só as que se localizan nas estacións de servizo e que arestora se poden consultar a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no denominado como Portal de xeogasolineiras.

Deste xeito, o Goberno galego quere facilitarlle á cidadanía a localización destes puntos de recarga e as súas características máis importantes ao tempo que se posibilita unha mellor planificación dos desprazamentos, máis aló da que ofrece a propia autonomía de cada vehículo. O visor, que funcionará como un mapa interactivo que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Economía e Industria e estará operativo no prazo de tres meses- permitirá realizar consultas en tempo real, de maneira que, no momento en que se dea de alta unha nova infraestrutura de recarga no Rexistro, se activará un novo punto no visor.

Na actualidade Galicia conta cun milleiro de puntos de recarga de acceso público, que se completa con algo máis de 3.000 puntos de recarga privados. Mentres que non estea plenamente operativo o citado Rexistro dos puntos de recarga de acceso público para vehículos eléctricos, e para poder facilitar unha listaxe de puntos de recarga existentes, recorreuse ao Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión, polo que o número

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

podería variar lixeiramente con respecto ao que figura no Rexistro de puntos de recarga estatal (RIPREE), que sitúa a galega como a novena comunidade, é dicir, nun punto intermedio da táboa. Así, o resultado da distribución por provincias de instalacións de puntos de recarga tanto de acceso público como privados na actualidade é o seguinte:

Provincia	Número de instalacións	N.º de instalacións de acceso público	N.º de instalacións privadas
Coruña (A)	1.669	396	1.273
Lugo	512	165	347
Ourense	348	112	236
Pontevedra	1.513	336	1.177
Total	4.042	999	3.043

En canto á comparativa entre as instalacións de acceso público e privado, arredor do 25 % son de acceso público e o resto constan como privadas.

Provincia	% de acceso público sobre o total
A Coruña	23%
Lugo	32%
Ourense	32%
Pontevedra	22%
Total xeral	25%

E se atendemos á distribución da tipoloxía dos puntos de recarga:

TIPOLOXÍA	Nº de instalacións
Aparcadoiros de vivendas unifamiliares	1.760
Aparcadoiros ou estacionamentos colectivos de edificios de vivendas	1.278
Aparcadoiros ou estacionamentos de frota privadas de empresas para persoal propio ou asociados	329

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aparcadoiros ou estacionamentos públicos	233
Estacións de servizo	163
Outras localizacións	116
Talleres e concesionarios de automóbiles	101
Vías de dominio público	62
Total	4.042

Coa posta en marcha do novo Rexistro galego de puntos de recarga de vehículos eléctricos e do seu visor, Galicia dá un paso máis na transición enerxética cara a unha mobilidade máis verde e sustentable, en liña coa Axenda enerxética de Galicia 2030 e coas directrices da Unión Europea, que buscan impulsar a descarbonización e a substitución dos medios de transporte que empregan os combustibles fósiles por outros máis eficientes e sustentables tanto entre particulares como entre as empresas e no propio sector público.

O compromiso da Comunidade galega con este tipo de políticas ponse de relevo nas numerosas iniciativas que se levan impulsado desde a Xunta de Galicia nos últimos anos, a través de programas como o Moves, que desde a súa posta en marcha no ano 2019 leva investidos máis de 45 millóns de euros para a adquisición de vehículos eléctricos e a instalación de puntos de recarga, ou o programa Renova o teu vehículo, promovido pola Administración autonómica e ao cal este ano se destinan 3,1 millóns de euros de fondos propios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 2,9 M€ NUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE NOVA XERACIÓN PARA XESTIONAR A CRECENTE DEMANDA DE MEDICINA XENÓMICA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- En 2024 realizáronse 38.000 estudos xenéticos a pacientes da Sanidade pública para o diagnóstico e seguimento de enfermidades raras e cancros hereditarios
- A nova plataforma Xénica reducirá o tempo investido en xerar un informe final sobre a petición de estudo xenómico que realizan facultativos ou investigadores
- Servirá tamén para xestionar a actividade do proxecto Xenoma Galicia, que suporá recadar datos xenéticos e clínicos de 400.000 persoas e crear un biobanco de mostras biolóxicas de 100.000
- Tamén fará que a información xenómica do Servizo Galego de Saúde e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica sexa interoperable con todo o Sistema nacional de saúde

A Consellería de Sanidade trasladou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a contratación, por importe de 2.940.234,66 euros e un período de tres (3) anos, dos servizos necesarios para a posta en marcha da plataforma tecnolóxica de nova xeración Xénica, que permita xestionar a crecente demanda de medicina xenómica no Servizo Galego de Saúde.

O laboratorio da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, como instrumento de apoio á atención sanitaria do Servizo Galego de Saúde, precisa desta plataforma tecnolóxica para dar resposta ás peticións de estudos xenómicos para diagnose e seguimento de patoloxías relacionadas coa herdanza xenética, como enfermidades raras ou cancros.

En 2024, o Servizo Galego de Saúde chegou a realizar 38.000 estudos xenéticos por petición dos facultativos. A través de mostras de sangue, de tumores ou biopsia líquida, tanto os servizos de anatomía patolóxica como de hematoloxía dos hospitais públicos e a Fundación Xenómica realizan os estudos solicitados. As probas xenéticas tamén poden ser solicitadas por persoal investigador.

O uso do novo sistema de información contribuirá a reducir e optimizar os tempos de obtención de resultados. Ao mesmo tempo, aumentará a precisión e a calidade dos resultados para aplicar a cada paciente o tratamento máis axeitado, na dose e no momento óptimos.

A nova plataforma dará resposta, ademais, ás necesidades do proxecto Xenoma Galicia. Este proxecto pioneiro da Xunta suporá recadar datos xenéticos e clínicos de 400.000 persoas de 35 a 70 anos e crear un biobanco de mostras biolóxicas de 100.000 destas persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sistema informático específico para a análise xenómica, a integración de datos clínicos, ferramentas de visualización e xeración de informes permitirá cumprir os requisitos do proxecto SiGenES (Sistema de información para a integración da información xenómica a nivel nacional) e posibilitará que a información xenómica do Servizo Galego de Saúde sexa interoperable en toda España.

Polo tanto, a través de Xénica integrarase nun único punto toda a xestión das mostras xenómicas dixitais e será posible acceder ao dato fonte para a súa reutilización se for necesario noutro momento. Deste xeito, evítase a dispersión organizativa e tecnolóxica e avánzase na Estratexia de medicina de precisión de Galicia.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREARÁ O OBSERVATORIO DA CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO

- O Consello avalía o informe sobre o inicio de tramitación do Anteproxecto do decreto que regula a composición e o funcionamento deste órgano de asesoramento
- Será un instrumento colexiado que analizará as necesidades de colectivos de persoas en risco de exclusión cultural na Comunidade e emitirá propostas de actuación
- Desenvólvese ao abeiro da Lei de cultura inclusiva e accesible, que entrou en vigor en xaneiro, e que fixaba dous anos, como máximo, para a súa posta en marcha
- Estará composto polas consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e de Política Social e Igualdade, ademais doutras administracións públicas, entidades do tecido asociativo e das industrias culturais e especialistas de prestixio na materia

Galicia contará no primeiro semestre deste ano cun Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible, un órgano colexiado de asesoramento que analizará as necesidades de colectivos de persoas en risco de exclusión cultural e, consecuentemente, emitirá informes e propostas de actuación para reverter estas situacións. Así se recolle no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta para o inicio de tramitación do decreto que regulará a composición e o funcionamento deste organismo.

Este instrumento desenvólvese ao abeiro da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que entrou en vigor o pasado mes de xaneiro, e que establecía dous anos como prazo máximo para a posta en marcha deste organismo, unha vez aprobada esta normativa. Cómpre lembrar que se está ante unha lexislación pioneira en Europa, xa que por vez primeira unha lei regula o dereito de acceso á cultura en termos de inclusión e accesibilidade. Para iso, presta especial atención a aquelas persoas cuxa situación de desvantaxe física, psíquica, socioeconómica ou territorial impida ou dificulte tanto os procesos de creación cultural como o acceso ao disfrute dos produtos e servizos culturais.

Por estes motivos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude determinou para aplicación desta normativa a existencia de contar cun observatorio que analice e fixe un seguimento das necesidades asociadas a persoas en risco de exclusión cultural. Ao respecto, refírese ás que contén cun déficit grave de recursos económicos, discapacidade, ser vítima de violencia machista ou pertencer a minorías étnicas. De igual forma, tamén se inclúen aquelas cuxo lugar ou territorio supoña unha limitación no acceso á creación ou disfrute cultural.

Funcións e composición do Observatorio

Deste xeito, a actividade e as funcións deste organismo terán como obxectivo vixiar o cumprimento da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, analizar e avaliar as necesidades do sector, servir como marco para a participación institucional e punto de encontro entre administracións, sector cultural e social, e emitir informes e propostas de actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Respecto á composición do Observatorio, ademais das consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e de Política Social e Igualdade formarán parte deste foro representantes doutras administracións públicas, as industrias culturais e tamén entidades privadas do tecido cultural.

Ademais, as entidades do terceiro sector de acción social tamén se teñen en conta e atribúeselles un papel importante no deseño de medidas, no apoio formativo e de coñecemento dos colectivos con máis dificultades. De igual xeito, incorporaranse especialistas de prestixio en materia de accesibilidade e inclusión.

Achega de suxestións

Tras a análise deste informe polo Consello da Xunta, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude inicia agora a tramitación da futura norma co inminente anuncio da audiencia pública previa a través do Portal de transparencia da Administración autonómica. A finalidade é que calquera persoa ou entidade interesada poida achegar suxestións ao seu contido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ UNHA NORMA DE MICROCREDENCIAIS PIONEIRA EN ESPAÑA PARA POTENCIAR A CAPACITACIÓN LABORAL ALIÑADA COAS NECESIDADES DO TECIDO PRODUTIVO

- Destaca que ante o inmovilismo do Goberno central fronte ás recomendacións europeas neste ámbito, Galicia considera estratéxico blindar un modelo formativo áxil, flexible e non regrado que responda aos requirimentos das empresas
- Sinala que mediante estas tipoloxías formativas os traballadores adquiren dun xeito rápido e sinxelo novos coñecementos e habilidades nun mercado de traballo dinámico e en constante cambio
- A apertura do prazo de consulta pública estará vixente desde mañá 18 de marzo e ata o 21 de abril de 2025 para que cidadanía, organizacións e asociacións poidan trasladar as súas opinións e achegas
- O futuro decreto permitirá afondar na aposta integral da Xunta por unha formación flexible para o emprego, consolidando outras medidas xa en marcha á carta do tecido empresarial, como as unidades formativas ou os bonos talento empresa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta impulsará unha norma de microcredenciais pioneira en España para potenciar a capacitación laboral aliñada coas necesidades do tecido produtivo.

En palabras do titular do Goberno galego, esta medida está relacionada coa aposta da Xunta pola “microformación a través do sistema de microcredenciais”, “algo polo que a Unión Europea aposta” e que serve para cambiar o sistema de formación ao “adquirir rapidamente e dun xeito sinxelo” novos coñecementos e habilidades útiles para novas liñas de produción ou actividades “nun mercado de traballo dinámico”.

Neste sentido, no Consello da Xunta celebrado hoxe, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, informou hoxe do acordo de inicio do procedemento para a elaboración do Anteproxecto de decreto polo que se regulará o marco galego de microcredenciais para o traballo.

Segundo sinalou o presidente, ante o inmovilismo do Goberno central fronte ás recomendacións europeas neste ámbito —Consello de Europa do 16 de xuño de 2022— e sen que se producise en todo este tempo ningunha regulación a nivel estatal, en Galicia “si o estamos facendo”, considerando prioritario promover, no marco das súas políticas activas de emprego, un novo modelo formativo para o eido laboral máis áxil, flexible e non regrado que contribúa a impulsar as oportunidades laborais e a capacitación continua das persoas traballadoras —tanto ocupadas como desempregadas— ao tempo que dea resposta ás competencias específicas que “demandan as empresas” e os sectores produtivos, no marco das rápidas transformacións do mercado de traballo actual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase, polo tanto, dunha normativa absolutamente pioneira en España coa cal o Goberno galego —cumprindo ademais cun dos seus compromisos electorais— regulará os criterios e as características destas microcredenciais para o traballo, como a súa duración, adecuación ás necesidades e demandas dos sectores, avaliación ou certificación por parte dos empregadores, garantindo e velando pola calidade, transparencia e accesibilidade destas tipoloxías formativas non regradas.

Neste contexto, o primeiro paso do proceso de tramitación consiste na apertura do prazo de consulta pública —a través do Portal de transparencia e goberno aberto— para solicitar a opinión da cidadanía e das diferentes organizacións e asociacións respecto da elaboración deste marco regulador, que estará vixente desde mañá 18 de marzo ata o vindeiro 21 de abril de 2025. Esta fase previa ten como finalidade que a sociedade e os grupos de interese poidan trasladar as súas opinións e achegas ao respecto do anteproxecto de decreto.

Futuro marco normativo

Para o Executivo autonómico, as microcredenciais para o traballo —entendidas como a certificación que acredita unha competencia adquirida a través dunha formación breve, focalizada e aliñada coas demandas actuais e emerxentes do mercado laboral— son unha ferramenta estratéxica para promover o equilibrio entre a oferta e a demanda, favorecendo que as persoas poidan adquirir novos coñecementos e habilidades para o seu constante desenvolvemento profesional. Pola súa vez, as empresas, asociacións profesionais e clústeres poderán participar activamente na detección das necesidades de cualificación, así como no deseño, execución e emisión das microcredenciais, e permitiráselles adaptarse proactivamente ás necesidades do mercado e cubrir de xeito rápido as súas vacantes con man de obra cualificada. Isto favorecerá o impulso da competitividade e a produtividade do conxunto de sectores, desde as TIC ata as enerxías renovables, pasando pola industria, os servizos ou a saúde, adaptándose ao rápido avance tecnolóxico e aos novos requirimentos competenciais do seu persoal.

Con esta medida, e en consonancia ás xa referidas recomendacións europeas, Galicia será a primeira comunidade autónoma española en promover un regulamento deste tipo, adaptado ás novas exixencias dun escenario en constante cambio, ao establecer os principios e directrices neste ámbito tanto para os alumnos como para as propias empresas, empregadores e provedores de formación. Tamén incorporará mecanismos para o seu recoñecemento e acreditación por parte de empresas e entidades formativas, vencellando os resultados de aprendizaxe coa clasificación ESCO.

A meta final é a consolidación dun novo modelo formativo para o traballo —complementario á educación oficial, que inclúe ferramentas como as microformacións de carácter formal— que rache coa rixidez dos itinerarios lineais e potencie unha oferta eficaz para facer fronte aos desafíos actuais e futuros, favorecendo a reciclaxe da poboación activa e promovendo as transicións laborais. Ademais, permitirá asegurar unha reserva estratéxica de talento que fortaleza as perspectivas de crecemento rexional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pulo á formación flexible e á carta

Este futuro decreto permitirá potenciar a aposta estratéxica da Xunta por unha formación flexible como un eixe fundamental para fomentar máis e mellor emprego de calidade, así como para dar resposta a grandes retos como a cobertura de vacantes. Así, o marco normativo permitirá afondar no impulso das formacións non regradas de curta duración e axustadas ás necesidades das empresas —promovendo agora a súa regulación e estandarización— que a Xunta xa estaba a apoiar a través de ordes como a nova edición do Bono Talento Empresa, dotada con 2 M€, ou os convenios asinados con nove clústeres e entidades representativas da economía, cun investimento de 7,5 M€, para que os sectores deseñen e executen as súas propias accións. En paralelo, o decreto complementará a oferta vencellada á educación regrada —entre as cales se inclúen as microformacións formais de grao A—, previstas na convocatoria á carta do tecido produtivo aberta actualmente, cun orzamento de 4M€.

Neste contexto, cómpre sinalar que Galicia continúa a reclamar ao Goberno central unha maior flexibilidade nos fondos finalistas de formación para o emprego, co obxectivo de reforzar e potenciar a eficacia destas políticas activas de emprego, buscando atender as demandas de empresas e traballadores ocupados e desempregados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A ECONOMÍA SOCIAL EN SECTORES EMERXENTES CO SEU LIDERADO NA CREACIÓN DO PRIMEIRO OBSERVATORIO DE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

- Trátase dunha das actuacións previstas no proxecto transfronteirizo ES-Factory, liderado polo Goberno galego no marco do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e orientado a visibilizar a economía social
- Dentro deste proxecto, sobre o cal se analizou un informe no Consello de Goberno, créase unha rede de aceleradoras para impulsar empresas en novas actividades, como a economía laranxa, que engloba as industrias creativas e o sector cultural
- Entre as actuacións realizadas en 2024 están as accións de consulta, nas cales se identificaron ideas de negocio relacionadas coa conexión de artistas mozos, hábitos de consumo musical e co pulo á creación musical de ambas as rexións, entre outras
- O liderado e a participación do Executivo galego en ES-Factory enmárcase na aposta a prol da economía social, ámbito a que este ano a Administración autonómica destina case 45 M€ e no cal impulsou a Estratexia galega da economía social: horizonte 2027

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o proxecto transfronteirizo ES-Factory liderado polo Goberno galego e que está relacionado co pulo da economía social en actividades emerxentes. Este documento dá conta das actuacións previstas para executar ao abeiro desta iniciativa entre 2025 e 2026, entre elas a creación do primeiro Observatorio de economía social de Galicia e o norte de Portugal, orientado a visibilizar esta fórmula que promove a igualdade de xénero, de oportunidades, a inclusión social e o desenvolvemento das zonas rurais.

Dentro deste proxecto, liderado pola Xunta de Galicia no marco do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, créase unha rede de aceleradoras transfronteiriza de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades de Galicia e do norte de Portugal. Entre os sectores emerxentes está a economía laranxa, que engloba as industrias creativas e o sector cultural.

Outras accións futuras do proxecto son a realización dun estudo sobre as potencialidades que ofrecen as zonas rurais de Galicia e o norte de Portugal para o asentamento de nómades dixitais e a atracción e retención de talento e encontros en que se fomente a cooperación transfronteiriza entre entidades de ambas as rexións, facilitando o intercambio de experiencias no ámbito da economía social para promover o emprendemento. Ademais, prevese o desenvolvemento do atlas e directorio das entidades de economía social representativas de Galicia e do norte de Portugal.

O informe tamén dá conta de actuacións realizadas en 2024 dentro desta iniciativa transfronteiriza, como accións de consulta para conectar a economía social con outros ecosistemas emerxentes, entre outras. Nelas identificáronse retos relacionados con cuestións como a valoración social, a formación e a profesionalización e a innovación, entre outros. Ademais, identificáronse ideas de negocio relacionadas coa conexión de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

artistas mozos, hábitos de consumo musical e co pulo á creación musical de ambas as rexións, entre outras.

O proxecto ES-Factory

O proxecto Es-Factory foi aprobado no marco do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, que promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea. Está liderado pola Xunta de Galicia e composto por un consorcio de organizacións no cal están integrados, ademais do Goberno galego, Agaca, EspazoCoop, Aesgal, USC, Utad, TecMinho, e In Cubo; as súas actuacións desenvolveranse ata setembro de 2026 e o orzamento global desta iniciativa é de máis de 2 M€, cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Esta iniciativa enmárcase na aposta do Executivo galego a prol da economía social, ámbito a que este ano destina case 45 M€ e no cal impulsou a Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, coa cal se calcula crear 4.000 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades. Esta estratexia tamén abrangue os apoios específicos para as entidades colaboradoras da rede Eusumo, aos cales este ano se destinan 690.000€, así como os que son para incrementar a competitividade das diferentes entidades, entre eles o programa Aprox Economía Social (5 M€), o Bono consolida (máis de 2,7 M€) e as axudas para fortalecer o tecido asociativo do sector (330.000 euros).